


# CANCIONEIRO ZDZ#5

## REPERTORIO PARA TOCARMOS NA ZANFONA

ACENTRAL FOLQUE

COMMONS.FOLQUE.COM

Esta selección de melodías é apenas unha aportación colectiva dun repertorio partillado para as foliadas dos Encontros Internacionais “Zona da Zanfona” que pretende pór a disposición unha serie de cancións comúns. As achegas son feitas por docentes das escolas de zanfona da Galiza que iremos acrescentando ano a ano. Para este 2022, as partituras foron fornecidas por Suso Vaamonde, Vítor Soto, Ariel Ninas, Óscar Fernández, Germán Díaz, Eva Pérez, Miro Casabella e Luís Bolón.

Edición das partituras: Óscar Fernández
Maqueta: Mauro Sanín
Grafismo ZdZ: Pablo Giraldez “O Pastor”

Descarga e partilla en **http://commons.folque.com/partituras/**
©© aCentral Folque, 2022

## Mazurca do Canizo

Do rep. do gaiteiro Faustino Luís do libro/CD "Concha do Canizo. Este pandeiro que toco..." (aCFolque,2021)




## Yodeln

Alalá do Tirol

Trad. Arr. Ariel Ninas
Aprendida de M.Loibner




## Pórtico

Antón Seoane




## Valse de Amoeiro

(Pazos de Borbén)

Tradicional




## Foliada de Corcoesto

Arquivo do Coro da Fábrica de Tabacos A Coruña
Recompiladores: Adolfo Anta Seoane, Saturnino Cuiñas Lois
Arranxo: L. Bolón




Manuel Manueliño,
Manuel da rúa Alta,
moito te queren as mozas,
porque lles toca-la frauta.
porque lles toca-la frauta
tiruliro tirulairo.

Esquecéchesme por probe,
e a ninguén debo diñeiro ,
inda ti non é-lo galo,
que canta no meu poleiro.
que canta no meu poleiro
tiruliro tirulairo.

Esta vai por despedida,
no medio dun repinaldo,
quédate con Deus meniña,
que me vou come-lo caldo.
que me vou come-lo caldo
tiruliro tirulairo.


Zona da Zanfona - ©© aCentral Folque, 2022

## Maneo de Carballedo

Recollida: Saturnino Cuíñas
Arquivo Cántigas da Terra Nº 322
Arr. Luís Bolón




RETROUSO
Meu tío Colás e a sogra de Antón,
fixeron un trato por un mexillón.
A cousa non foi, como eles quixer,
os vellos non poden, chegar e encher.

COPLAS
Miña nai por me casare, ai!
prometeume tres ovellas.(bis)
Unha cega, outra coxa, ai!
i a outra non tiña orellas. (bis)

Miña sogra morreu onte, ai!
e enterreina no palleiro. (bis)
Os cregos a responsala, ai!
i eu a tocalo pandeiro. (bis)

Túa nai é chiculate, ai!
e teu pai chiculateiro. (bis)
Túa nai lambe as cazolas, ai!
e teu pai lambe os pucheiros. (bis)

## Aires Galegos

Gaiteiros Os Morenos de Lavadores




## Valse do Miro

Do repertorio do grupo "Os Vilaboa"
Arranxo: Suso Vaamonde





Zona da Zanfona - ©© aCentral Folque, 2022

## Viva Negreira

José Ramón Bugliot
Arranxos: Vítor Soto




## Xota de Buscás

rep. do señor Calviño. Buscá

Cancioneiro Galego para acordeón diatónico.
Carlos Quintá e Pedro Pascual





Zona da Zanfona - ©© aCentral Folque, 2022

## Foliada de Barro de Arén

Do rep. dos Gaiteiros de Soutelo
Arranxo para zanfonas: Suso Vaamonde




Viva Barro, viva Barro,
viva Barriño de Arén-e;
viva Barro, viva Barro,
viva Melide tamén-e.
Ai la lara lara la la ai la ra la la...

Moreniña por morena,
téñoche o ollo botado;
has de ser miña muller-e,
ou non hei de ser casado.
Ai la lara lara la la ai la ra la la...

Miña monteira garrida,
miña monteira garrida,
moitas veces me cubertou,
alá por Soutelo arriba.
Ai la lara lara la la ai la ra la la...

Os solteiros valen ouro,
os casados valen prata;
os viúvos, calderilla;
os vellos, folla de lata.
Ai la lara lara la la ai la ra la la...

## Leilón

Xota

Adaptación Germán Díaz




Copla 1.
As herbas no campo secan
e volven enverdecer-e (bis)
así fan amores vellos
cando se volven a ver-e
Ai la la la, la la la la (x4)

Retrouso 1.
Marchei a Leilón, saín de mañá
estaba Asensión cardando na lá
Ai, leilón esta noite non

Copla 2.
O amor que xa foi meu-e
volve de novo a quererme (bis)
o carbón que xa foi brasa
con pouco lume se acende
Ai la la la, la la la la (x4)

Retrouso 2.
Marchei a Leilón, petei no portal
saiume Asensión coa vara na man
Ai, leilón esta noite non

Ponte.
Cheguei a leilón, que queres rapás
quero á túa filla, se ma queres dar
Ai, leilón esta noite non

Copla 3.
Adeus pedra d'almirante
que de brilantes se cubre (bis)
Non hai mal que non acabe
nin hai ben que sempre dure
Ai la la la, la la la la (x4)

Retrouso 3.
Xa fun a Leilón, non volvas rapás
a filla Farruco non quere casar
Ai, Leilón esta noite non



Zona da Zanfona - ©© aCentral Folque, 2022

## Canto do Cego da Zanfona

Bordón Sol

Popular, recollido por Isidoro Brocos
+Arranxo: Miro Casabella




## Escarnio 17.

Alfonso X
Bordón Sol

Arranxos: Miro Casabella




Pero da Ponte pare-vos en mal
per ante o demo do fogo infernal

E ben vexóra que trobar vos fal
pois vos tan louca razón cometestes.

Vós non trobades come provençal
mais come Bernal do de Bonaval.

E ben vexóra que trobar vos fal
pois vos tan louca razón cometestes

E pois razón a tan descomunal
fostes fillar a quen tan pouco val

E ben vexóra que trobar vos fal
pois vos tan louca razón cometestes

Por ende no e trobar natural
pois que do del e do demo aprendestes

E ben vexóra que trobar vos fal
pois vos tan louca razón cometestes

## Canto de un mendigo de Lugo

Bordón
Do /+ Fa

nº 23 no Tomo "Galicia" de
Cantos y bailes populares de España, por J. Inzenga

Tiempo de Muiñeira (no orixinal)




## O Sol Abusón

Bordón
Do /+ Fa

Letra e Música: Miguel Sanjurjo
Adaptación e arranxo: Oscar Fernández




RETROUSO:

Saiu o Sol
pola mañán
saiu o sol
con cara de can

COPLAS:

Aló polas doce
púxose no medio,
e dixose a todos:
"eu mando no ceo"

Chegou á tardiña
deitouse no mar
e veu as estrelas
no ceo brillar.

A noite ensinoulle
que el non mandaba;
que á lua lueira
tamén lle tocaba.


Zona da Zanfona - ©© aCentral Folque, 2022